

1. INTRODUCCIÓN

A importancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación ou TIC no ensino é cada vez maior xa que na sociedade actual é fundamental a formación do individuo para a busca, filtrado, manipulación e valoración da inxente cantidade de información que se ten dispoñible. Ademais, as TIC constitúen un importante apoio á mellora do labor docente ao permitir unha maior individualización e flexibilización do proceso educativo.

A representación e transmisión da información mediante as múltiples formas expresivas que permiten as TIC normalmente resultan máis motivadoras para un alumnado que vive arrodeado de estímulos audiovisuais.

As TIC permiten así mesmo a superación de limitacións temporais e xeográficas entre docentes, alumnado, familias e outros axentes da comunidade educativa, así como o acceso á información en igualdade de condicións.

Cómpre ter en conta ademais, que a actual potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares precisa dunha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. O carácter transversal, dinámico e integral de dito proceso de ensino e aprendizaxe competencial require a abordaxe dos contidos TIC dende todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa.

Segundo o Artigo 4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Dado que no momento actual, a lectura e a procura de información lévanse a cabo en grande medida en formato dixital semella lóxico levar a cabo unha boa coordinación do plan TIC do centro.

2. BASE LEGAL

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, Art. 3: Competencias clave:

1. As competencias clave serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2. Potenciarase o desenvolvemento da competencia lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

3. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lles permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, Título III, Artigo 39: Educación dixital

1. A Consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans específicos deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

3. A Consellería con competencias en materia de educación, ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da Consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que estableza.

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 4. Elementos transversais

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 10. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 11. Principios metodolóxicos (ESO)

1. (...) De conformidade co establecido no artigo 26.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións que permitan que, nos primeiros cursos da etapa, o profesorado coa debida cualificación imparta máis dunha materia ao mesmo grupo de alumnos e de alumnas.

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

4. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

5. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

O IES Virxe do Mar de Noia é un centro de tamaño medio, que acolle:

_Os catro niveis de ESO

_Bacharelato con dúas modalidades: Ciencia e Tecnoloxía, e Humanidades e Ciencias Sociais.

_Ciclo de grao medio de FP: Vídeo DJ e Son.

O noso centro foi pioneiro na incorporación das pizarras dixitais no ensino secundario participando con dous entornos (Inglés e Educación Plástica) no Proxecto de Investigación sobre o uso dos Encerados dixitais xunto con 22 centros de España, coordinados polo Profesor Pere Marquès da Universidade Autónoma de Barcelona (<http://peremarques.net/promethean2/>).

No curso 2011-2012 o centro incorpórase ao Proxecto Abalar. Desde ese curso, estiveronse empregando os ultraportátiles do proxecto nas aulas dixitalizadas.

No curso 2017-2018 o centro participou na actividade X1701013 - Curso sobre plataformas de traballo colaborativo no marco metodolóxico de Climántica para a nova alianza estratéxica EducoCO2can-Erasmus+ Servizos Centrais 23/09/2017 - 30/09/2017

O IES Virxe do Mar non é, xa que logo, un centro que viva de costas á tecnoloxía educativa. A coordinación e a xestión da docencia durante a pandemia vixente así o demostra. Todo o alumnado, profesorado e familias están a utilizar, dun xeito ou doutro, as ferramentas tecnolóxicas que facilitan este labor: AbalarMóbil e páxina web do centro para a comunicación coas familias, aula virtual e GoogleClassroom para a docencia telemática.

No curso 2020-2021 o centro incorpórase ao Proxecto Edixgal en 1º da ESO, o que permitiu actualizar e renovar o equipamento informático do alumnado e das aulas. Todo o alumnado de 1º ESO conta cun equipo propio e a posibilidade de levalo ao seu domicilio para o traballo na plataforma asociada ao Proxecto Edixgal.

As infraestruturas e equipamento dos que dispón centro son:

En cada aula procurarase dispor de ordenador de sobremesa ou portátil con conexión a internet, proxector ou pizarra dixital e equipamento de son.

Hai tres aulas de Informática:

Informática 1 cun máximo de 14 postos de traballo e proxector.

Informática 2 cun máximo de 25 postos de traballo e proxector.

Informática 3 cun máximo de 24 postos de traballo con proxector e equipamento de son.

Tamén dispoñemos de dúas aulas de Ciclo de Vídeo DJ e Son, nas que hai instalados postos de traballo individuais para cada alumno/a, 23 na aula de Imaxe e 13 na aula de Son, en ambos casos contando co ordenador de profesorado.

Outros espazos do centro con equipamento son:

Taller de Tecnoloxía, departamentos didácticos, laboratorios, oficinas, ximnasio, sala de profesorado, conserxería, departamento de Orientación, sala de pais/nais, biblioteca e salón de actos.

O uso das aulas de informática por parte doutros profesores diferentes aos adscritos ás mesmas implicará reserva previa e identificación do grupo visitante. Deste xeito o profesor é responsable de controlar que os alumnos estean no equipo realizando as tarefas encomendadas.

O alumno é responsable do estado do posto de traballo que emprega e calquera incidencia notificarase ó equipo de mantemento correspondente.

En relación co Software:

- Prohíbese instalar/desinstalar software nos ordenadores, agás excepcións especiais.
- De precisar algún tipo de software non presente nos ordenadores, o profesor deberá notificalo ao equipo de mantemento para que se analice se é posible ou non

a súa instalación, primándose o emprego de software libre para que o alumnado tamén teña acceso a el na súa casa.

No que se refire á situación actual do centro en canto ao uso das TIC, a implantación do proxecto EDIXGAL no centro permite traballar de forma regular dende varias materias en diversos contornos virtuais (aula virtual, libros dixitais...) nas aulas de 1º ESO (a partir do curso 2020-2021) e 2º de ESO (a partir do curso 2021-2022).

O centro ten unha páxina web activa, dende a cal se pode acceder a información relativa a actividade docente como programacións didácticas, documentos organizativos do instituto, actividades complementarias, revista dixital, información sobre orientación académica, sobre a biblioteca, a aula virtual, recursos educativos dispoñibles na intranet no centro, información do Portal da Consellería e do CAFI.

Nos últimos anos estase levando a cabo a formación básica dos docentes na aplicación das TIC ao ensino, mediante cursos de emprego do Moodle e manexo das aulas virtuais, pizarra dixital, Google Classroom, Edixgal...

A maioría do profesorado do centro amosa predisposición a mellorar a súa formación no manexo das TIC, xa que son conscientes da mellora que supón para a eficiencia do seu traballo. Aínda así o manexo informático sempre pode ampliarse xa que cada día aparecen máis recursos dispoñibles, polo tanto para un correcto desenvolvemento do plan sempre pode intensificarse a formación do profesorado no manexo das TIC. As actividades formativas deben ter a maior flexibilidade posible para que se facilite a participación nelas.

Ao bo funcionamento destes mecanismos contribuíu, sen dúbida, o equipo encargado da dinamización das TIC do centro, que ten repartidas as tarefas en catro partes diferenciadas:

a) Aula Virtual: Actualización e mantemento.

b) Xestión das contas de correo para alumnado e profesorado: Actualización e mantemento.

- c) Revisión, actualización, control e mantemento de equipos e software tanto nas aulas, como para servizos administrativos do centro.
- d) Coordinación do Proxecto Edixgal. Formación de usuarios e revisión de equipos.

1º) Aula Virtual: Actualización e mantemento.

Durante o curso 2020/21 leváronse a cabo unha serie de intervencións orientadas a fomentar o uso de ferramentas dixitais institucionais. A necesidade de mellora da infraestrutura dixital e da competencia dos usuarios evidenciouse durante a etapa de confinamento total e posteriormente tamén debido ós confinamentos individuais de parte do alumnado. Aínda que as solucións de "emerxencia" supuxeron un grande esforzo e deron excelentes resultados parece necesario facer unha transición cara o uso xeneralizado das ferramentas dixitais institucionais, tal e como ven sendo indicado polas autoridades educativas (*Ver Instrucións do 14 de decembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade relativas ao uso dos servizos educativos dixitais corporativos no marco da emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19*).

A continuación enuméranse as actuacións realizadas e as propostas para a súa continuidade no vindeiro curso.

Organización da Aula Virtual do Centro

Tarefas realizadas:

Creación de cursos por departamentos para tódalas materias do centro.

Creación de cursos por niveis e grupos para enlazar coas distintas materias.

Creación de cursos de prácticas para a formación do profesorado.

Matriculación na AV do profesorado e alumnado do centro.

O vindeiro curso deberíase facer unha matriculación masiva do alumnado a partir dos datos do XADE e concretar no claustro o uso institucional da Aula Virtual.

Formación de usuarios

Case a metade do claustro recibiu formación nos seguintes cursos:

Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes

Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto

Sería necesario continuar a formación do profesorado, especialmente en Moodle para poder utilizar a Aula Virtual de forma xeneralizada. Está iniciada a difusión de materiais de formación (tutoriais, documentación, exemplos de boas prácticas...) nun curso na propia Aula Virtual. Tamén é necesario que os membros da dinamización das TIC dispoña dun horario axeitado para atender as demandas do profesorado para axudarlles no uso da plataforma e na creación de materiais propios.

Así mesmo é conveniente facer unha formación básica do alumnado que podería organizarse facilitando material de alfabetización dixital para ser utilizado nas titorías.

Titorías e comunicación con alumnado e familias

Dada a necesidade de comunicarse telematicamente dun xeito seguro con alumnado e familias parece apropiado fomentar o uso da aplicación **Abalar Móbil** e o **Espazo Titorías**.

Páxina web do centro

Fixéronse algunhas tarefas de revisión da web do centro pero é preciso actualizar a información presentada, incluír ligazóns novas e eliminar as obsoletas e potenciar o seu uso entre os membros da comunidade educativa.

Como exemplo dunha iniciativa en marcha está a creación dun Blog da Bilioteca María Mariño.

2º) Xestión das contas de correo para alumnado e profesorado: Actualización e mantemento.

Desde o curso 2015/16 o IES Virxe do Mar conta cun servizo de contas de correo para alumnado e profesorado do centro, baixo o dominio @iesvirxedomar.gal. Este

servizo é prestado por Google a través da ferramenta G Suite para centros educativos, baixo as seguintes condicións:

_Os anuncios están desactivados nestas contas.

_Non se recompilan nin se utilizan datos dos usuarios destas contas con fins publicitarios, nin se crean perfís de anuncios.

_O tratamento de datos por parte de Google cumpre cos requisitos establecidos polo Regulamento Xeral de Protección de Datos da Unión Europea, en vigor desde o 25 de maio de 2018.

_Os nomes das contas de usuario de alumnos/as constrúense usando o nome e unha combinación de letras dos apelidos do alumno/a, de xeito que non se facilitan nome e apelidos completos.

_Tódalas contas creadas para o alumnado menor de idade contan coa autorización previa, expresa e por escrito, dos pais ou titores legais, e son xestionadas desde o centro. As familias poden revogar esta autorización en calquera momento, procedéndose nese caso á eliminación da conta correspondente.

_Cando os alumnos/as ou profesores/as deixan de estar vencellados ao centro, estas contas danse de baixa, normalmente logo dun periodo non inferior a seis meses para que os usuarios destas contas poidan buscar alternativas e migrar os seus datos de forma segura.

_Ademais do correo electrónico, as contas @iesvirxedomar.gal ofrecen os seguintes servizos, todos eles dentro do marco do contrato de G Suite para centros educativos: Calendario (Calendar), Aula virtual (Classroom), Almacenamento na nube (Drive e Documentos), Creación de sitios web (Sites), Xestión de datos (Vault), Foros de debate (Grupos), Chat e video conferencia (Hangouts), Xestión de notas e avisos (Keep), Xestión de tarefas (Tasks)

Situación actual

Na actualidade, o servizo conta coas contas, divididas en varios grupos con diferentes niveis de permisos:

_Administración: Relacionadas coa xestión de centro, realización de actividades complementarias e extraescolares, xestión de proxectos...

_ **Administradores:** neste grupo inclúense as contas de usuarios con permisos de administración da plataforma.

_ **Alumnado:** Ademais dunha conta para uso persoal de cada alumno poden existir contas vinculadas a proxectos ou traballos do alumnado.

_ **Claustro:** Unha conta para cada membro do claustro.

_ **Ex-usuarios:** contas de alumnos/as e profesores/as que deixaron recentemente o centro e que poden estar pendentes de eliminar.

O nivel de uso deste servizo por parte da comunidade educativa varía ao longo do curso, especialmente nos períodos non lectivos, pero en xeral pode considerarse que está bastante implantado no funcionamento do centro. Indícanse de seguido as aplicacións máis utilizadas:

Correo electrónico (Gmail), almacenamento na nube (Drive), aulas virtuais (Classroom), Calendario (Calendar),

Actividades realizadas ao longo do curso

As actividades de xestión do sistema de contas @iesvirxedomar.gal poden ordenarse en 4 grupos: creación de contas, formación de usuarios, resolución de incidencias e xestión de ex-usuarios.

a) Creación de contas. Durante as primeiras semanas de curso procédese á creación de contas para todo o alumnado e profesorado que se incorpora ao centro. No caso do alumnado, trátase fundamentalmente de rapaces e rapazas matriculados en 1º ESO e 1º Bacharelato, máis algúns casos puntuais doutros niveis. Non se crea ningunha conta de alumno/a para a que non exista unha autorización asinada por parte da familia, que se entrega normalmente coa documentación de matrícula. No caso do profesorado, son os propios membros do claustro os que asinan unha solicitude de creación de conta de correo. Coa creación da conta, cada novo usuario recibe un documento co nome de usuario e o contrasinal de primeiro acceso, que deberá cambiar ao iniciar sesión por primeira vez. Os enderezos de correo dos novos usuarios, xunto cos do resto de alumnado, son enviados ao profesorado. No caso do profesorado, a autorización para a creación dunha conta @iesvirxedomar.gal pode

facerse tamén a través do correo corporativo, cando non é posible asinar a solicitude correspondente. Isto é o que se ven facendo desde o confinamento do ano pasado.

b) Formación de usuarios. Todo o alumnado de 1º ESO que solicita unha conta @iesvirxedomar.gal recibe unha sesión de formación de 50 minutos nunha das aulas de informática do centro, na que se procede á activación das contas e se explican cuestións básicas de manexo do correo electrónico e o acceso a outras aplicacións, como o almacenamento na nube (Drive) ou as aulas virtuais (Classroom). Nesta sesión de formación incídese de maneira especial no manexo seguro da conta. Ao alumnado do resto de niveis ofrécese formación e asesoramento a través das materias de Tecnoloxía e TIC, ou ben contactando directamente co profesor responsable da xestión das contas. Existe un portal web con videotutoriais e presentacións a disposición de profesorado ([RecunchoTIC](#)) e alumnado ([AxudaTIC](#)).

c) Resolución de incidencias. Normalmente as incidencias rexistradas con este servizo limitanse ao reinicio de contrasinais para usuarios que non podían acceder ás súas contas.

d) Xestión de ex-usuarios. A eliminación de contas de usuario adoita realizarse no mes de decembro, unha vez comezado o novo curso, afectando a ex-alumnos/as e ex-profesores/as que deixaron o centro no curso anterior. O procedemento a seguir para eliminar as contas é o seguinte: envíase unha primeira comunicación avisando da suspensión do servizo, cunha antelación mínima de 30 días. Nesta comunicación infórmase do procedemento a seguir para recuperar a información almacenada na conta. Logo procédese á suspensión da conta durante un mes, e por último, elimínase á conta.

3º) Revisión, actualización e mantemento de equipos e software tanto nas aulas, como para servizos administrativos do centro.

Ao inicio do curso infórmase ao profesorado, mediante un escrito enviado por correo electrónico e publicado na sala do profesorado, sobre o uso dos equipos dispoñibles nas aulas de grupo, así como os responsables de cada unha das parcelas do traballo TIC. No caso de ter que facer reposición de equipos ou instalación de proxectores o traballo será realizado por unha empresa externa con persoal técnico cualificado. Faise seguimento das distintas incidencias, que o profesorado comunica verbalmente ou no documento de incidencias, que esta a súa disposición na páxina web do centro no apartado “Recuncho TIC”.

Exemplos de incidencias que poden presentarse:

- _Substitución das lámpadas dos proxectores.
- _Substitución do tóner da impresora da sala do profesorado.
- _Resolución de problemas de nas aulas que teñen o sistema operativo libre.
- _Instalación de complementos no navegador na aula de informática, para poder ver distintos tipos de vídeo.
- _Colaboración co vicedirector para actualizar e publicar contidos na páxina web do centro.
- _Actualizacións dos programas antivirus na secretaría e nos despachos de dirección.
- _Comunicación ao persoal técnico da UAC das incidencias dos equipos enviados ou dependentes da Consellería, así como á atención e seguimento das reparacións cando o persoal técnico esta no centro.
- _Comunicación mensual das necesidades e incidencias á empresa externa que se encarga do mantemento informático dos equipos dependentes do centro, así como á atención e seguimento das reparacións cando o persoal técnico esta no centro, tales como: Reparación de encerados dixitais, reparación do acceso a internet, reposición de switch, que impide que parte dos equipos do centro non teñan acceso a internet, solicitude de actualización dos portátiles das aulas dixitais...
- _Instalación de ordenadores comprados polo centro.

- _Actualización dos equipos das aulas de informática e aulas do ciclo.
- _Redistribución de ordenadores substituídos por equipos novos.
- _Coordinación coa dirección do centro, a través da secretaria, para determinar as necesidades e custes de reparación.
- _Solicitude de presupostos de compra ou reparacións ás tendas de informática do concello, así como o transporte e recollida dos equipos reparados.
- _Colaboración na elaboración do DRD nos aspectos relacionados co inventario TIC.
- _Colaboración co profesorado para informar e resolver dúbidas, tanto no uso dos equipos, impresora da sala do profesorado e escáner, como do software instalado.
- _Facer previsión de necesidades para seguintes cursos

4º) Coordinación do Proxecto Edixgal. Formación de usuarios e revisión de equipos.

O obxectivo principal deste proxecto e da incorporación ao programa Edixgal é continuar no proceso de dixitalización das aulas e do ensino, empregando os materiais técnicos e educativos que se porían á nosa disposición. Tamén serán obxectivos deste proxecto os que se detallan a continuación:

- Potenciar a formación tecno-pedagóxica do profesorado.
- Facilitar o acceso das TIC ao alumnado e incidir no seu uso responsable.
- Impulsar a comunicación on-line.
- Potenciar a capacidade de razoamento, motivación, coñecemento e comunicación dos alumnos.
- Facer uso das ferramentas tecnolóxicas no seu aspecto interdisciplinario.
- Favorecer a construción de coñecemento dentro do contexto curricular. Trataríase de converter a información en coñecemento.
- Desenvolver o pensamento crítico.

- Aumentar o interese por aprender e desenvolver a competencia de aprender a aprender.
- Familiarizarse co novo contexto de aprendizaxe que estes medios definen tomando conciencia de que son a base para unha aprendizaxe autónoma e de futuro.
- Conseguir os obxectivos mínimos do currículo a través de novas metodoloxías.

As tarefas asignadas á coordinación Edixgal no centro serán as seguintes:

- Información sobre o proxecto, orientada ás familias, alumnado e claustro.
- Revisión e catalogación do equipo do alumnado ao comezo de curso.
- Asignación dos equipos ao alumnado e ao profesorado implicado no proxecto.
- Xestión, mediante o aplicativo institucional correspondente, dos contratos de cesión temporal ao alumnado e profesorado.
- Resolución de incidencias técnicas e administrativas ou, no seu caso, comunicación ao Servizo Premium dependente da Consellería, encargado de manter o equipamento.
- Coordinación da formación de usuarios, tanto alumnado como profesorado.
- Recepción e revisión do equipamento ao remate do curso.

O alumnado de 1º ESO recibe formación no manexo do seu equipo e do uso da plataforma ao comezo do curso. Son informados sobre o seu usuario e contrasinal, sobre o acceso á plataforma, sobre o traballo diario na aula virtual, entrega de tarefas, consulta de cualificacións...

As familias son informadas ao comezo do curso sobre o contido e finalidade do proxecto, sobre a responsabilidade no uso do equipo, a posibilidade de contratación dun seguro, o compromiso co uso responsable do equipo e a devolución en perfecto estado.

O profesorado implicado recibe unha formación específica sobre o Proxecto Edixgal para iniciarse no uso da plataforma. Ademais ao longo do curso, a coordinación Edixgal resolve e presta axuda e colaboración no caso de dúbidas

4. OBXECTIVOS XERAIS EN RELACIÓN COAS TIC

a) Do centro.

- Facilitar a obtención e análise crítica de información.
- Converter as TIC nun elemento integrador dando as mesmas oportunidades ó alumnado con independencia da súa condición social/cultural.
- Uso das TIC para atención á diversidade, potenciando o uso de materiais e estratexias que permitan un aprendizaxe máis autónomo.
- Impulsar a comunicación entre a comunidade educativa e o contorno globalizado como unha forma de aprender a respectar outras formas de pensamento e de cultura.

b) Do alumnado

- Facilitar o acceso ós recursos de Internet ó alumnado.
- Usar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe e adquisición de habilidades, destrezas e coñecemento, aumentando a motivación do alumnado.
- Usar as TIC como medio de creación, integración e potenciación de valores sociais e expresión de ideas con liberdade de expresión, tolerancia e respecto.
- Potenciar o traballo en grupo.
- Desenvolver o hábito de lectura e escritura.
- Adquisición por parte do alumnado dos estándares de aprendizaxe relacionados coa competencia dixital do currículo.

c) Do profesorado

- Formación do profesorado no uso das TIC.

- Incorporar a unha porcentaxe importante dos docentes no uso das TIC na aula.
- Uso das TIC como medio facilitador para incorporar novas prácticas docentes máis conformes co alumnado e sociedade actuais e como medio para elaborar materiais de traballo para o alumnado.
- Mellora da atención á diversidade, fomentando a aprendizaxe autónoma co uso de ferramentas adecuadas.
- Facilitar a comunicación cos compañeiros deste e doutros centros, que permita compartir materiais e experiencias, fomentando o traballo en grupo.
- Distribuír o ensino das ferramentas TIC necesarias para tratar o conxunto de competencias dixitais do currículo entre os distintos cursos e materias de xeito que estas sexan abordadas de xeito integrado.

d) Da comunidade educativa

- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o contorno, a través do portal web, entre outras actuacións.
- Proporcionar información actualizada do proxecto educativo de centro, oferta educativa, actividades etc.
- Incorporar a todo o persoal docente do centro no uso das TIC.
- Propiciar a investigación e a innovación educativa, en busca dunha mellora do rendemento escolar do alumnado.
- Acadar unha alfabetización dixital real entre o alumnado.
- Incorporar as TIC como unha ferramenta máis para obter información e xerar o coñecemento no alumnado.
- Propiciar intercambio de experiencias con outros centros educativos, a nivel nacional/internacional.
- Fomentar o emprego da páxina web do centro, a aula virtual e os distintos blogs dende todos os ámbitos da comunidade educativa como un xeito normalizado de comunicación.

5. CONTIDOS

Hai algúns contidos básicos de manexo de ordenadores que moitos alumnos non traen adquiridos e son precisos para empezar a traballar. Para homoxeneizar esta situación de partida poden impartirse na primeira semana do curso en 1º de ESO unhas sesións de iniciación ás TIC e ao traballo en rede.

Do mesmo xeito, é preciso que os alumnos manexen unhas estratexias básicas de procura e elaboración de información, tanto a nivel físico como virtual. Estes coñecementos poderán desenvolverse como parte común en materias de 1ºESO, de xeito que todo o alumnado deste nivel reciba esta formación.

Unha vez acadados estes obxectivos iniciais, poden organizarse os estándares de aprendizaxe do currículo que tratan a competencia dixital en cada unha das materias, procurando que non se repita o traballo dunha ferramenta TIC en varias materias mentres outras queden sen tratar.

Para os niveis que utilizan EDIXGAL. Conceptos básicos:

- Normas básicas na organización da aula para coller e gardar os ordenadores do alumno.
- Gardar e organizar a información no ordenador.
- Aplicacións dispoñibles nos equipos Edixgal.
- Navegadores e buscas rápidas en internet (favoritos, historial...).
- Creación e emprego do correo electrónico.

Os contidos TIC a tratar en cada unha das materias aparecen recollidos nos currículos correspondentes. En todo caso o alumnado pode utilizar ferramentas dixitais para a elaboración de documentos multimedia, con uso de fotografías, vídeos, gráficas ou para levar a cabo traballos artísticos de deseño. Tamén no caso de materias que requiran resolución de problemas numéricos poderán facer cálculos

numéricos, alxébricos ou estatísticos, representación gráfica de funcións, xeometría, gráficas estatísticas, aplicacións matemáticas propias da pizarra dixital, Geogebra...
Deseño de pequenos traballos de investigación para a súa presentación e defensa na aula.

Outros usos poden ser: Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. Realizar visitas virtuais a distintos espazos da Xeografía, visitar virtualmente museos e edificios históricos. Consulta de publicacións de distintas institucións oficiais. Visualización de vídeos sobre temas de actualidade. Estudio de mapas interactivos, empregando a rede. Visualización de mapas históricos. Lectura on line de artigos de prensa.

O alumnado debe aprender a seleccionar, contrastar e interpretar a información a partir da utilización de diversas fontes (dicionarios impresos e dixitais, xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet).

É fundamental que se adquira progresiva autonomía para utilizar as funcións básicas dun procesador de textos, organizar os contidos e mellorar a presentación de calquera traballo.

6. METODOLOXÍA

Segundo o Artigo 5 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: Os centros docentes, dentro do marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación, desenvolverán a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

A proposta de integración do plan TIC nun centro supón unha implicación importante do profesorado, xa que require a colaboración de todos para que o alumnado adquira

en cada área os coñecementos TIC que logo precisará empregar nas demais materias.

O proceso de ensino–aprendizaxe para cada área é distinto, tendo en conta que se poden traballar diferentes ferramentas TIC en cada unha e que posteriormente se aplicarán con distintos fins. Pero hai cuestións metodolóxicas comúns no que se refire a dita aplicación das TIC.

Na procura de información en Internet de xeito individual e/ou en grupos para facer traballos actividades, debemos ensinar a seleccionar e discriminar as informacións cun punto de vista crítico.

Os traballos realizados polos alumnos poderán incorporarse á web do centro e incluso a webs externas, o que pode supoñer unha motivación extra.

Resulta interesante o uso de programas, vídeos e xogos educativos que contemplan un amplo abano de niveis educativos; o mesmo programa pode servir para atender as necesidades educativas de todos os alumnos dunha clase, tendo cada un deles un avance a un ritmo distinto, respectando a diversidade.

Poden utilizarse ferramentas de comunicación en Internet para contactar con alumnado doutros centros educativos que permitirá practicar idiomas, coñecer costumes...

As aulas virtuais proporcionan un contorno de traballo que facilita os procesos de ensino-aprendizaxe ao permitir que o profesor proporcione documentación dun xeito ordenado ao alumnado, asigne e recolla tarefas, organice actividades e traballos por grupos, proporcione cuestionarios de autoavaliación ou de avaliación, glosario de termos, calendario de notificacións e axenda persoal, ferramentas de debate...

A transversalidade das TIC permite incluír e tratar valores como a solidariedade, inclusión, igualdade de xénero, cooperación etc.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Procurarase que entre as actividades que cada Departamento vaia realizando mediante o emprego das TIC, se fomenten os valores democráticos, o tratamento da diversidade e a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, garantindo o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de alumnado de diferentes condicións sociais.

8. AVALIACIÓN.

A avaliación debe constituír unha ferramenta para reflexionar sobre as actuacións realizadas, as causas que poden dificultalas (ou facilitalas) e para buscar estratexias de mellora, tendo en mente o concepto de mellora continua.

Estableceranse 3 procesos avaliadores fundamentais:

- a. Unha avaliación inicial coa que poder albiscar as necesidades de formación do profesorado e máis de dotación de medios, así como poder establecer un calendario de actuacións.
- b. Outra avaliación ao longo do curso para poder reaxustar o que se estime oportuno para acadar os obxectivos a longo prazo do presente plan.
- c. Unha avaliación final para final de curso coa que observar o grado de cumprimento dos obxectivos marcados no presente plan e analizar posibles melloras de cara aos vindeiros cursos xunto coa viabilidade dos obxectivos a longo prazo.

O plan de avaliación incluirá:

- Recollida de información de cada un dos profesores implicados, onde se especificarán as actividades desenvolvidas, data e duración, dificultades experimentadas para levar a cabo as actividades, valoración dos obxectivos



IES VIRXE DO MAR

acadados e da experiencia en relación ós métodos tradicionais de ensino, e posibles actuacións de mellora con vistas a futuras implementacións.

- Enquisas ao alumnado para valorar a repercusión das experiencias educativas e posibles suxestións con vistas a reflexionar e mellorar aspectos do proxecto.
- Valoración do curso: obxectivos acadados, desviacións do proxecto e aspectos a mellorar para o curso seguinte.

ÍNDICE:

1. Introducción	1
2. Base legal	2
3. Análise da situación do centro	5
Aula Virtual	8
Xestión de contas de correo	9
Revisión, actualización, mantemento	13
Coordinación do Proxecto Edixgal	14
4. Obxectivos xerais en relación coas TIC	16
5. Contidos	18
6. Metodoloxía	19
7. Atención á diversidade	21
8. Avaliación	21